



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 7 DE XANEIRO DE 2010

No Salón de Actos da Casa do Concello de Bueu, sendo as 20:00 horas do día sete de xaneiro de dous mil dez, reúnese o Pleno da Corporación Municipal, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Félix Juncal Novas, co fin de celebrar sesión extraordinaria urxente segundo a Orde do Día fixado por Resolución da Alcaldía e notificada ós membros da mesma:

Sres. Asistentes:

Alcalde-Presidente

D. Félix Juncal Novas

Grupo BNG

D. Martín Villanueva Pastoriza

D^a Laura Ogando Muñiz

D^a María Teresa Magdaleno Rodríguez

D. Andrés Lamosa Barros

D. Carlos Otero Portela

D. Manuel Otero Pérez

D^a Miriam Ferradáns Ferradás

D^a Reveca Mónica Gago Sánchez

Grupo PP

D. José Barreiro Malvido

D. Miguel Juncal Pereira

D^a Susana María Canosa Graña

D. Manuel Santos Pires

D^a Alicia Fiel Sanmartín

D. Juan José Mendiña Rodríguez

Grupo PSOE

D. José Manuel Vilas Pastoriza

D. José Manuel Castro Dopazo

Secretaria

D^a Lucía Artime Alonso

Comprobada a existencia de quorum suficiente, pola Presidencia procédese á apertura da sesión, sendo tratados os seguintes puntos de conformidade coa Orde do Día:

1. RATIFICACIÓN DA URXENCIA POLO PLENO MUNICIPAL

No que respecta a ratificación da urxencia, procede o Sr. Alcalde a explicar que a aprobación da urxencia debese a que este Pleno ten carácter extraordinario, xa que o pleno ordinario tería que celebrarse o día de Reis, o 6 de xaneiro, e sendo festivo e comentado cos grupos da oposición decidiuse non celebralo e esperar ata o próximo ordinario de febreiro, e así este ten carácter extraordinario.

Intervén a concelleira popular D^a Susana Canosa dicindo que non entende a aprobación da urxencia por ter carácter extraordinario.

A Sra. secretaria explica que a urxencia é por non haber dous días hábiles entre a convocatoria e a



celebración do Pleno, por coincidir un deles co día de Reis.

O Sr. Alcalde asinte a esta explicación e procedese a votación, sendo aprobada a urxencia por unanimidade dos dezasete concelleiros asistentes.

2. APERTURA FASE DE PROBA NO EXPEDIENTE DE INVESTIGACIÓN *ALARGO CAMIÑO A GRAÑA.-*

O Sr. Alcalde-Presidente pasa a dar lectura do dictame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Patrimonio data 04/01/10.

De seguido a Concelleira Delegada de Patrimonio, D^a Laura Ogando, pasa a dar lectura da súa proposta, do seguinte contido literal:

PROPOSTA CONCELLEIRA DELEGADA DE PATRIMONIO:

Asunto: Expediente de investigación de bens "Alargo Camiño na Graña".

No pasado Pleno ordinario de 2 de decembro de 2009 adoptouse acordo respecto as alegacións plantexadas por D. José Pousada Boubeta respecto ao expediente de investigación de bens "Alargo Camiño na Graña".

Considerando o deber que asiste ós Concellos de exercer a defensa dos seus bens en tódalas posibilidades e que entre os instrumentos que o ordenamento xurídico vixente outorga a tal efecto se atopa a potestade de investigación, debe continuarse co procedemento a seguir para acadar unha resolución no expediente de investigación de bens "Alargo Camiño na Graña", que se está a tramitar por parte deste Concello.

O procedemento de tramitación é absolutamente reglado segundo o diagrama fixado polo Regulamento de Bens das Entidades Locais, e así se detalla no Informe de Secretaría.

Visto dito informe e tendo en conta o mesmo, veño en elevar ó Pleno da Corporación a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro.- Abrir período de proba polo prazo de trinta días para que os interesados poidan presetar a documentación que consideren oportuna.

Segundo.- Notificar persoalmente o presente acordo ós afectados polo expediente que resulten coñecidos e identificables para que durante o referido prazo presenten as probas que consideren necesarias para a acreditación da titularidade.

En Bueu, 18 de decembro de 2009

A Concelleira Delegada

Asdo.: Laura Ogando Muñiz.

Non habendo intervencións, sometese a votación sendo aprobada pola unanimidade dos Concelleiros (17 votos a favor dos membros de BNG, PSOE e PP), dispoñéndose en consecuencia:

Primeiro:

Concello de Bueu

Rúa de Eduardo Vincenti, 8 36930 Bueu (Pontevedra) · CIF E3600400J · concello@concellodebueu.org · 986 390 029



Abrir período de proba polo prazo de trinta días para que os interesados poidan presetar a documentación que consideren oportuna.

Segundo:

Notificar persoalmente o presente acordo ós afectados polo expediente que resulten coñecidos e identificables para que durante o referido prazo presenten as probas que consideren necesarias para a acreditación da titularidade.

3. PROPOSTA ALCALDÍA EXPEDIENTE CONCESIÓN TANATORIO DE BUEU: APROBACIÓN ESTUDO VIABILIDADE ECONÓMICO-FINANCIERO

O Sr. Alcalde-Presidente pasa a dar lectura do dictame da Comisión Informativa e Economía, Facenda e Patrimonio de data 23/12/09. De seguido, pasa a dar lectura da súa propia proposta, do seguinte contido literal:

PROPOSTA DE ALCALDÍA

Vista a necesidade e conveniencia neste Municipio de realizar a concesión da obra pública consistente no servizo de Tanatorio que leva a construción dun tanatorio e posterior explotación do mesmo, coa intención de dotar ao Concello de Bueu dun servizo público que non só é necesario senon moi requerido polos veciños do Concello de Bueu e co que esperamos cumprir cos seus desexos.

Por Acordo do Pleno de data 7 de outubro de 2009 acordouse encargar a redacción do estudo de viabilidade, para xustificar e definir as características esenciais das obras a realizar.

Unha vez redactado o estudo de viabilidade, no que se incluíron os datos, análises, informes e estudos das obras, someteuse a información pública polo prazo dun mes, mediante anuncio no *Boletín Oficial da Provincia* nº 215 de data 6 de novembro

Visto o informe de data 14 de decembro de 2009 da funcionaria encargada do Rexistro no que fai constar que non se produciron alegacións no prazo establecido pola lei

Vistos os informes de Intervención e Secretaría e en vista das apreciacións presentadas, que serán tidas en conta á hora da redacción do proxecto e redacción dos pregos para a súa posterior licitación

Visto todo o anterior, e en aras ao cumprimento da legalidade

Presento ante o Pleno a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

Primeiro.- Aprobar o estudio de viabilidade económico- financiera presentado pola Empresa TINSA e sometido a información pública durante o periodo 6 de novembro- 9 de decembro ambas datas incluídas.

Segundo.- Aprobar o encargo da redacción do proxecto de obra de construción do Tanatorio ao abeiro da lexislación vixente en materia de contratación.



CONCELLO DE BUEU

En Bueu, 18 de decembro de 2009.
O Alcalde,
Asdo.: Félix Juncal Novas

Intervén o Concelleiro popular Sr. Santos Pires preguntando se e posible modificar o estudio de viabilidade ao abeiro do informe da Sra. Interventora ou isto seria moi laborioso.

Contesta o Sr. Alcalde que se vai modificar e corrixir todo o apuntado pola Sra. interventora municipal no seu informe no prego de condicións cando estes pregos se redacten, pois modificar o estudio de viabilidade non ten sentido xa que e un documento meramente preparatorio que contempla as posibilidades que se poden plantexar e conta con datos que poden ser relevantes pero non definitivos.

Toma a palabra o voceiro socialista Sr. Castro e expón que por primeira vez van ir en contra dun informe dun técnico municipal, pois vanlle dar un voto de confianza ao equipo de goberno, porque se trata dun asunto prioritario e non queren mais atrancos. Esperan que as deficiencias atopadas pola Interventora se subsanen, tal e como dixo o Alcalde, no prego de condicións.

De seguido intervén o voceiro popular, Sr. Barreiro, rompendo unha lanza ao favor dos técnicos; poñendo de manifesto que neste caso o informe de intervención non so e rigoroso senón que acerta completamente. Pregunta por qué se fan mal as cousas, por que a empresa redactora non se adapta a lexislación e fai un estudo rigoroso. Di que se ao final non se pode facer, entón vaise perder moito mais tempo. Pregunta se non sería mellor facelo ben dende o principio e modificar o estudo de viabilidade. Di que o PP quere un tanatorio aínda mellor do que se vai facer, un tanatorio de primeira, pero unha vez mais os procedementos administrativos non se levan como determina a legalidade. Conclúe dicindo que empeza o ano como rematou, con chapuzas. Espera que isto sexa momentáneo e que non se fagan as cousas mal, que no futuro se fagan ben.

O Sr. Alcalde discrepa do PP e agradece o apoio do PSOE. Di que despois de varias tentativas, por fin parece que se vai avanzar neste procedemento, intentando cumprir coa legalidade, cos procedementos legais... recalca que o estudo de viabilidade é un documento preparatorio e entende que nun momento posterior vanse cumprir os condicionantes que pon a Sra. Interventora, pero que hai que intentar resolver os problemas, avanzar, sobre todo, en beneficio do pobo de Bueu. Di que en poucos concellos se resolve o problema de falta de tanatorio coa iniciativa pública, pero como en Bueu fallou a iniciativa privada, o Concello tivo que tomar esta decisión. Pode que a empresa redactora non estea acostumada a estes casos e seguro que se lle pasaron algúns detalles, pero estes van ser corrixidos. Cren que a proposta é valida e totalmente legal, e volve a agradecer o apoio do PSOE.

Non habendo mais intervencións, sometese a votación sendo aprobada pola maioría dos membros presentes (votos a favor dos concelleiros de BNG e PSOE e a abstención dos concelleiros do PP), polo que se dispón:

Primeiro:

Aprobar o estudio de viabilidade económico-financieira presentado pola Empresa TINSA e sometido a información pública durante o período 6 de novembro-9 de decembro ambas datas incluídas.

Segundo:

Aprobar o encargo da redacción do proxecto de obra de construción do Tanatorio ao abeiro da lexislación vixente en materia de contratación.

Concello de Bueu

Rúa de Eduardo Vincenti, 8 36930 Bueu (Pontevedra) · CIF E3600400J · concello@concellodebueu.org · 986 390 029



4. PROPOSTA ALCALDIA EXPEDIENTE ACONDICIONAMIENTO NAVE PARA CENTRO DE DEPORTES NAUTICOS: APROBACION DO ANTEPROXECTO E SOLICITUDE A DIRECCION GENERAL DE SOSTENIBILIDAD DE LA COSTA Y DEL MAR DE CONCESION ADMINISTRATIVA

O Sr. Alcalde-Presidente pasa a dar lectura do dictame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Patrimonio. De seguido, pasa a dar lectura da súa propia proposta, do seguinte contido literal:

PROPOSTA DE ALCALDÍA:

Visto o escrito de data 14 de abril de 2009 no que o Concello de Bueu solicita autorización ao Servizo de Costas para para o uso das instalacións da antiga cetárea de Pescadoira para o desenvolvemento de actividades náutico-deportivas

Visto o escrito remitido a este Concello por parte do Servizo provincial de Costas, que tivo entrada nestas dependencias en data 7 de maio de 2009 (REN nº 2923), onde se autoriza dito uso cunha serie de condicionantes, e mantendo o dereito ocupacional do Club do Mar de Bueu e a Asociación de Amigos de embarcacións tradicionais "Os Galos"

Visto que unha vez autorizado o uso das instalacións da antiga cetárea de Pescadoira para o desenvolvemento de actividades náutico-deportivas e notificado o mesmo ao Club do Mar de Bueu e a Asociación de Amigos de embarcacións tradicionais "Os Galos", procede o acondicionamento da nave para o uso autorizado e, como así o establece o escrito do Servizo provincial de Costas, solicitar á Dirección General de Sostenibilidad de la Costa y del Mar a concesión administrativa de dita parcela

Presento ante o Pleno a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

- 1º) Aprobación anteproxecto para o acondicionamento da nave para Centro de Deportes Náuticos.
- 2º) Solicitar á Dirección General de Sostenibilidad de la Costa y del Mar a concesión administrativa da parcela da antiga cetarea de Pescadoira.

En Bueu, 28 de decembro de 2009

O ALCALDE-PRESIDENTE

Félix Juncal Novas

Intervén a continuación o Sr. Barreiro dicindo que están a favor de todos os colectivos, e neste caso tamén. Pero, non é por fastidiar, mais teñen que facer unhas precisións: en primeiro lugar di que a Xunta de Galicia vai destinar nos seus orzamentos unha pequena parte para proxecto de instalacións deportivas neste lugar e pide ao Sr. Alcalde que se poña en contacto coa Xunta para saber como van ser as obras; segundo, di que lle parece un bo inicio a solicitude de concesión, pero lle roga que se fagan as precisións necesarias para que as obras que se vaian a facer teñan carácter de futuro e non se teñan que tirar dentro duns anos.

De seguido, intervén o voceiro socialista, D. José Castro, apoiando a proposta. Comenta que a infraestrutura lle parece o mínimo que se pode facer polos chavales de remo que levan padecendo moito tempo e esperan que pronto poidan desfrutar destas instalacións.



Aclara o Sr. Alcalde que o que se pretende é a aprobación do anteproxecto para remitilo conxuntamente coa solicitude de concesión administrativa á Dirección Xeral. O que non se ten aínda claro é a maneira de financiamento.

Non habendo mais intervencións, sometese a votación sendo aprobada pola unanimidade dos membros presentes (17 votos a favor dos membros de BNG, PSOE e PP), dispoñéndose en consecuencia:

Primeiro:

Aprobación anteproxecto para o acondicionamento da nave para Centro de Deportes Náuticos.

Segundo:

Solicitar á Dirección General de Sostenibilidade de la Costa y del Mar a concesión administrativa da parcela da antiga cetarea de Pescadoira.

5. PROPOSTA ALCALDIA CONSTRUCCION CENTRO MUNICIPAL DE DEPORTES.

O Sr. Alcalde da lectura do dictame da Comisión Informativa de Obras e Servizos Municipais de 04/01/10. De seguido procede á lectura da súa propia proposta, do seguinte contido literal:

PROPOSTA DA ALCALDÍA

Dáse a necesidade e conveniencia neste Municipio de levar a cabo a obra de construción dun Centro Municipal de Deportes, para substituír o antigo campo de fútbol.

Visto que o "Fondo Estatal para el Empleo y la Sostenibilidad Local" admite entre as obras a financiar a construción de centros de servizos sociais, sanitarios, culturais e deportivos.

Visto que se cumpren os requisitos establecidos polo Real Decreto-Ley 13/2009 según se deriva do informe de Secretaría de data 28 de decembro de 2009.

Visto todo o anterior, e en aras ao cumprimento da legalidade Presento ante o Pleno a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

Primeiro.- Aprobación da inversión proxectada "Construcción Centro Municipal de Deportes" para súa financiación con cargo ao Fondo Estatal para el Empleo y la Sostenibilidad Local, creado por Real Decreto-Ley 13/2009, de 26 de outubro.

Segundo: Aprobación do Proxecto e do Estudio de Seguridade e Saúde.

En Bueu, 28 de decembro de 2009
O Alcalde
Asdo: Félix Juncal Novas

O Concelleiro do PP, Sr. Juncal, plantexa dúas cuestións: en primeiro lugar di que o centro municipal de deportes é o mesmo que o proxecto do campo de fútbol anterior.

O Sr. Alcalde intervén para dicir que se ve o proxecto saberá que hai moito mais que no proxecto do campo de fútbol.

O Sr. Juncal prosegue e pregunta se non hai posibilidade de que se destine so parte do Fondo Zapatero para o novo campo de fútbol e facer unha financiación conxunta e participada coa Xunta ou a Deputación ou coas dúas, e poder levar a cabo outros proxectos cos cartos do Fondo Estatal.



Resposta o Sr. Alcalde que o Fondo so admite proxectos financiados unicamente con cargo ao mesmo, que non é posible esta opción.

En segundo lugar, o Sr. Juncal fala, no que respecta a autorización autonómica previa, de incongruencia respecto aos metros, pois no proxecto son once mil metros cadrados e na agrupación de parcelas que consta no rexistro da propiedade aparecen trece mil metros cadrados. Despois di que na autorización o 50% debe manterse no seu estado, e resulta que xa so o campo ocupa mais de 6.000 metros cadrados. Remata dicindo que non entende estas incongruencias entre o proxecto e a autorización e pide que se corrixa estas cuestións.

Intervén de seguido o voceiro socialista expoñendo que hoxe lles toca ser impopulares, e aínda que estean presentes no Pleno traballadores do C.D. Bueu, deben ser coherentes e explicar por que toman esta decisión.

En primeiro lugar, pregunta se pode producirse a votación separada dos dous puntos.

Resposta o Sr. Alcalde, que ao abeiro dos precedentes, a votación ten que ser conxunta.

Explica o Sr. Castro que a razón desta cuestión é que eles non teñen nada en contra do proxecto, di que podería ser mellor, pero que esta ben, todos parabéns para el; pero respecto da financiación, aí si que están en contra. A priori, do que eles tiñan coñecemento, é que se ía financiar parte con recursos propios e parte coa financiación da Deputación. Di que se ata o 26 de outubro non había en principio problema algún para a financiación dese proxecto, non entende por que non se usan os cartos do Plan Estatal para mellorar infraestruturas básicas do Concello, que eran prioritarias no seu momento para o BNG (procede a dar lectura do programa electoral do BNG para as municipais e enumera unha serie de obras a facer). Di que estarían de acordo con financiar parte, pero destinar todo en menoscabo de infraestruturas que lles parecen básicas, non lles parece razoable e van votar en contra.

Pregunta qué houbera pasado se o 26 de outubro non se aproba o 2º plan Zapatero; por qué non se destinaron no primeiro? di que o Alcalde contestará que non se tiña autorización ata agora, pero non lle vale. Di que el escoitou falar desa autorización cando estaba solteiro e que agora xa ten dúas fillas... Remata a súa exposición dicindo que a fórmula de financiación, e non o proxecto, non conta cos seus parabéns.

A continuación toma a palabra o voceiro popular Sr. Barreiro. Comeza dicindo que quere ir ao fondo do asunto; pregunta por qué non se busca o consenso que tanto predicou na súa investidura? por qué ningunea así a oposición? Di que el quereda ter moitos campos de fútbol, pero que as veces hai que priorizar. A prioridade parece ser para este equipo de goberno o campo de fútbol, e os demais asuntos son de segunda. Non entende que todos os cartos se usen para un único proxecto, podíase buscar un convenio de altas miras, coa participación de varias administracións, pero non se busca neste Concello o consenso e se decide de maneira unilateral. Recalca que non quere que naide poña en dúbida o interese do PP en ter un campo de fútbol. Todos saben que o Sr. Menduïña (concelleiro popular) foi presidente do CD Bueu; di que queren ter un campo novo e deron todo o seu apoio para que se fixese o campo, pero non se lles tivo nunca en conta. Lémbrese nese momento dunha xunta de portavoces onde fora da orde do día falouse de dous temas importantes para o Concello: o asteleiro de Purro e o campo de fútbol, o que non é de recibo. Quere tamén que se saiba que foi a Xunta actual a que tramitou este expediente nun tempo record, pois se confundían os parámetros, e a Secretaria Xeral actuou con premura para a resolución do expediente. Conclúe que non van votar en contra pero que lles parecería mellor que non todos os cartos do Plan Zapatero se destinasen a construción do campo de fútbol.



CONCELLO DE BUEU

Toma a palabra o Sr. Alcalde e felicita á Xunta actual e tamén ao anterior Director Xeral que co seu informe iniciou o asunto; pero tamén quere que quede constancia de que todas as propostas e solucións xurídicas saíron do Concello, que traballou arreo nestes últimos dous anos para chegar ata aquí.

Di que os Concelleiros falan da necesidade de consenso, e di que sempre falou de que era prioritario, sen reservas. Di que unha vez resoltos todos os problemas, agora cuestionan a financiación, dicindo que poderían destinarse os cartos a outras obras. E verdade que pódense buscar outras vías de financiación, pero o campo queremos facelo agora e non esperar a outras axudas, que quizais non cheguen... di que este goberno entende que é a mellor forma de financiación e que o compromiso da Deputación vai servir para arranxar o campo de Beluso e así se fixo constar ante a Deputación e as directivas. Engade que este é o momento do campo de fútbol, e que o consenso debe facerse constar neste momento, e entenden que é unha proposta axeitada.

Interven o Sr. Juncal dicindo que pensa que o proxecto que se presenta non cumpre as condicións do informe de 9/12/09; non di que sexa ilegal, pero si alegal.

O Voceiro do PSOE resposta ao Alcalde que este quere que se mollen, e que eles están mollándose moito tomando esta decisión que saben que é impopular, pero que é o que pensan. Remata dicindo que o PSOE quédase aquí; que dito todo isto non van poñer atrancos, que esperan que o campo se poida facer canto antes, antes mellor que despois, que eles so están en contra da forma de financiación, non do proxecto.

O Voceiro popular fai a súa derradeira intervención dicindo que o alcalde non debe confundir o consenso con dicir a todo amen, senón que é discutir as cousas e chegar a unha conclusión conxunta. Di que eles están no consenso, non na dictadura. Di que o Alcalde falou de tempos e deixa no aire a seguinte pregunta: pode ser que a presa por facer o campo de fútbol sexa polas eleccións e non polos rapaces?

O Sr. Alcalde respóstalle que como Alcalde ten o compromiso de facer cantas mais obras sexan posibles no seu tempo de mandato. Por ultimo, quere agradecer á Presidenta do CD Bueu a súa labor, e sabe que as instalacións actuais xa están amortizadas e con moitas deficiencias, polo que non entende que solventadas todas estas dificultades, non se apoie agora a construción polo tema da maneira de financia-lo proxecto.

Non habendo mais intervencións, sometese a votación acadándose o seguinte resultado: 9 votos a favor dos membros de BNG, dous votos en contra do PSOE (queren facer constar que están en contra da forma de financiación, non do proxecto) e a abstención dos seis Concelleiros do PP. o asunto é aprobado pola maioría dos votos, polo que se acorda:

Primeiro:

Aprobación da inversión proxectada *“Construcción Centro Municipal de Deportes”* para súa financiación con cargo ao Fondo Estatal para el Empleo y la Sostenibilidad Local, creado por Real Decreto-Ley 13/2009, de 26 de outubro.

Segundo:

Aprobación do Proxecto e do Estudio de Seguridade e Saúde.

E non habendo outros asuntos que tratar, levántase a sesión sendo as 21:30 horas do día ó principio sinalado, de tódolo que, en canto Secretaria Xeral, dou fe.



CONCELLO DE BUEU

O Alcalde,

A Secretaria,

Asdo: Félix Juncal Novas

Asdo: Lucía Artime Alonso